



Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de CIFP

Plan de Convivencia

CIFP Coroso

Curso: 2023-2024



Índice

Capítulo I. DISPOSICIÓN XERAIS	3
1. Marco normativo	3
2. Ámbito de aplicación:	3
3. Axentes responsables:	3
3.1 Consello Social	3
3.2 Claustro. 4	
3.3 Comisión de Convivencia	4
3.4 Equipo Directivo	5
3.5 Órganos de coordinación docente	6
3.6 Coordinación do Centro con familias e institucións.....	6
Capítulo II. Parte Dispositiva	6
4. Análise da Situación	6
4.1 Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia:	6
4.2 Análise da situación	6
- Contorno socio-económico:	6
- Aspectos organizativos e curriculares:.....	9
- Participación e relacións da comunidade educativa	10
- Conflictividade.....	11
- Efectividade das actuacións desenvolvidas	12
5. Obxectivos Específicos e Actuacións programadas para o seu desenvolvemento 13	
5.1 Obxectivos Específicos	13
5.2 Actuacións, Medidas ou Programas	14
- ACTUACIÓNS:	14
- MEDIDAS OU PROGRAMAS:	17
6. Protocolo ante o Acoso e Ciberacoso escolar	18
7. Normas de Convivencia	18
8. Difusión do Plan	18
9. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.	19
9.1 Seguimento e avaliación	19
9.2 Propostas de Mellora.....	19



Capítulo I. DISPOSICIÓN XERAIS

1. Introducción e Normativa

A mellora da convivencia no ámbito educativo é unha preocupación que cada día adquire maior importancia na sociedade, mais cando esta convivencia se ve alterada por situacións de conflito cujos efectos se deixan sentir en todos os membros da comunidade educativa.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenrolo do comportamento adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, duns bos cauce de comunicación e da prevención de problemas de conducta,

De acordo coa seguinte lexislación:

- Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE) pola que se modifica a lei Orgánica 2/2006 (LOE). Engade o apartado 5 no artigo 124 que está adicado á Normas de Organización, funcionamento e convivencia. A administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte á indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade...
- Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. Define as funcións mínimas no artigo 35 Coordinador ou coordinadora de benestar e protección do capítulo IV do ámbito educativo, do título III Sensibilización, prevención e detección precoz.
- Lei 4/2011, 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, 8 xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011
- Orde do 17 de xullo de 2017 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- ORDEN de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Conforme ao disposto no artigo 10.1 da Lei 4/11 e no artigo 11.2 do Decreto 8/15, o Proxecto Educativo de cada centro docente incluírá un Plan de Convivencia. Aínda que a Lei e o Decreto son posteriores ao ROC que regula os C I F P non está adaptada a estes, así onde pon “Proxecto Educativo” debemos entender que o Plan de Convivencia estará incluído no “Proxecto Funcional” dos C I F P, e, en consecuencia, ha de ser aprobado polo Consello Social.

2. Xustificación

O principal cometido da educación é axudar ao noso alumnado a ser persoa, polo que os membros deste equipo educativo queremos ofrecer ós noso alumnos, un centro educativo para:

Saber vivir e convivir: contribuír á socialización dos alumnos e alumnas, pois o centro educativo é un lugar onde se convive, e se pode e se debe facer o aprendizaxe das habilidades sociais, entendidas como capacidade de relación interpersoal. Que se intentan conseguir traballándoas

Saber ser persoa; A meta da educación é aprender quen é o mesmo e chegar a selo. A formación do concepto de sí mesmo (autoestima) e da identidade persoal é algo esencia que os titores e titoras traballan e coidan.

O centro educativo é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os rapaces e rapazas perciben no seu entorno e nas súas vivencias. Educar é unha tarefa ampla e complexa polo que a o centro educativo, a familia e outras institucións deben coordinarse, implicarse, entenderse e ser coherentes nas súas competencias para conseguir unha educación de calidade que prepare para a vida de cada un e para a realidade multicultural e multiétnica na que toca vivir e desenvolverse.

¿Que é a convivencia? É a coexistencia pacífica dos membros da comunidade educativa que permite o cumprimento dos obxectivos educativos nun clima que axuda ao desenrolo integral dos estudantes.

3. **Ámbito de aplicación:**

O disposto neste Plan debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa e ademais debe ser aplicable.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

Realízase o plan de traballo dentro do Plan de Convivencia do Centro e concretarase anualmente na PXA (Programación Xeral Anual). (art 4 da orde do 23 de agosto de 2023)

Na PXA debe concretarse a través das accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada acción debe concretarse, como mínimo, a temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro.

O plan de traballo terá como mínimo os seguintes elementos:

- Introducción (contextualización e xustificación breve)
- Análise de contexto (situación de partida)
- Obxectivos con indicadores
- Procedemento de seguimento, avaliación, modificación e de ser o caso, difusión.

4. **Axentes responsables:**

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar e han de participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan e nas normas de convivencia, e velar pola aplicación do mesmo.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/15, dentro do CIFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos:

4.1 Consello Social

Funcións:

- **Elixir** ás persoas representantes da **comisión de convivencia** dacordo ao establecido no artigo 8.2 do Decreto 8/15.
- Establecer **directrices** para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o **seguimento e a avaliación** do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- **Propoñer actuacións** en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- **Aprobar** o Plan de Convivencia e as modificacións do mesmo, xa que está incluído dentro do Proxecto Funcional.

4.2 Claustro

Funcións:

- Realizar **propostas** para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na **avaliación anual** da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer **actuacións** de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

4.3 Comisión de Convivencia

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e exerce as súas funcións por delegación do Consello Social do Centro, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do noso centro.

• Composición

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia e, no noso Centro, ten a seguinte:

- Director do centro.
- Xefa da área de formación.
- 2 representantes do profesorado.
- Xefa do Dpto. Orientación, que actuará de secretaria.

- 1 representante dos PAS.
- 1 representante do alumnado.

• **Funcións**

Desenvolve as seguintes funcións por delegación do Consello Social:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

• **Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: constitución, calendario de reunións**

Terá, ao menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantará acta das súas reunións.

4.4 **Equipo Directivo**

Funcións (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, e así coma as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.
- **Impulsar** as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado

Funcións (artigo 3 da orde 23 de agosto do 2023)

- Designar á persoa coordinadora de benestar e convivencia entre o profesorado do claustro, por un período de dous anos.
- Supervisar á persoa coordinadora de benestar e convivencia

4.5 Coordinación de benestar e convivencia

Será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferiblemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria (art 2 da orde 23 de agosto do 2023). Actuará baixo a supervisión da dirección do centro educativo.

Funcións (art 3 da orde 23 de agosto do 2023)

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar e dinamizar o plan de convivencia xunto coa comisión de convivencia
- Fomentar métodos alternativos de resolución de conflitos velando pola incorporación ao PAT (Plan de acción tutorial) de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse como referente para a comunicación dos casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección en caso de violencia dentro e fora do centro.
- Promover a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da adolescencia, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover unha alimentación saudable e nutritiva para ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

CIFP COROSO

Rúa dos Estudantes nº5, CP:15960, Ribeira, A Coruña
Tfños: 881866874/881866878 Fax: 881866885
cifp.coroso@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpcoroso/>

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas e actuacións que se realizarán nas titorias (bo trato, negociacións, diálogo...)
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas ANPAS:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

4.6 Órganos de coordinación docente

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A súa función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia e ao Equipo Directivo a información que poda obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e que observe relevante, así como facer propostas neste asunto.

4.7 Coordinación do Centro con familias e institucións.

O Plan terá a suficiente difusión como para garantir que as familias dos menores o coñezan. Estará publicado na páxina web do CIEFP.

Capítulo II. Parte Dispositiva

5. Análise da Situación

5.1 Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia:

A diagnose do centro fíxose baseándose na **observación directa** do comportamento e clima da comunidade escolar, así coma na indirecta, a través do **análise dos partes de incidencias, dos expedientes disciplinarios e das sancións** impostas o curso pasado.

Tamen se tivo en conta o alumnado con

5.2 Análise da situación

- Contorno socio-económico:

A sociedade aumentou de xeito considerable a súa complexidade social e transformou os seus valores, que apuntan a consecución do éxito e poder materiais, por enriba de obxectivo se intereses do grupo, interpersoais e solidarios.

A familia modificou o rol que desempeñaban a socialización dos seus membros, delegando a veces noutras instancias, como o centro educativo, a ensinanza do comportamento interpersoal.

A perda de autoridade do profesorado percibida polo alumnado e transmitida a veces, polas familias tampouco favorece a situación que se está a producir nos centros educativos.

A situación da crise económica fai que exista un porcentaxe do alumnado que se matricula nalgúns ciclos non tanto por vocación sino por ocupar o seu tempo e aumentar a súa formación mentres espera un traballo, o que ás veces afecta á motivación do alumnado e, por ende, ao seu comportamento.

Características do centro:

O CIFP “Coroso” pertence ó concello de Ribeira que ostenta o título de cidade dende 1906. Ribeira inaugura a xeografía que debuxan as Rías Baixas galegas actuando ademais de capital do Barbanza á que pertencen tamén os concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo no extremo máis oriental. É unha das cidades punteiras da comarca e das rías galegas en pesca, marisqueo, industria conserveira e turismo.

A súa poboación segundo o Instituto Nacional de Estatística era no 2020 de 26.848 habitantes, 13,239 homes e 13,609 mulleres. Dos cales case 14.000 viven na parroquia de Santa Uxía, principal núcleo urbano. A súa economía está intimamente ligada ó mar, sendo o seu porto un dos máis importantes da UE na súa categoría, ó tempo que presenta unhas boas expectativas de cara ó crecemento do turismo xunto co resto da comarca, xa que os atractivos naturais, industriais e humanos son cada vez máis valorados.

Neste marco o CIFP “ Coroso ” foi un dos primeiros centros de Galicia en ser nomeado Centro Integrado de Formación Profesional (no curso 2002/03), ofertando un novo modelo Formativo integrado, baseado na colaboración cos axentes socio-económico-laborais e institucionais. No curso 2011-12 volveu a ser nomeado pasando xa a adquirir a denominación de CIFP en lugar de IES, que sigue na actualidade.

O centro educativo consta de varios edificios. O máis antigo, denominado centro vello, está destinado a ciclos formativos de transporte e mantemento de vehículos e aos de instalacións e mantemento. Tamén se imparte o 2º curso de FP básica de mantemento de vehículos e os módulos do réxime para adultos.



No centro novo impártense os ciclos da familia de electricidade tanto do réxime ordinario coma a oferta modular, os ciclos da familia de industrias alimentarias, o ciclo Dual da familia de Edificación e Obra civil e tamén 5 dos seis grupos de FPB. Mención especial merece o novo CB de Cociña en réxime dual, o cal impartimos o 1º curso e comparte instalacións co Mercado Municipal de Ribeira.

Neste edificio están tamén os servizos de secretaría, dirección, cafetería e biblioteca. Tamén hai talleres anexos de electricidade así como unhas aulas para os ciclos da familia de industrias alimentarias e a planta. Asimesmo, nestas dependencias hai un patio con unha pista de deporte. Contamos tamén cun aula de enerxías renovables fronte ó campo de fútbol.

O horario de traballo no centro é de 8:30-22:00 da noite. Todo o alumnado que estuda en horario de mañá ten un recreo de 11.30-12.00, namentres o alumnado de tarde, ten o recreo de 18.30-19.00.

Oferta educativa do centro para o curso 2023-24

RÉXIME ORDINARIO: ciclos formativos

- C.M. Electromecánica de vehículos automóbiles.
- C.M. Carrozaría.
- C.S. Automoción.
- C.M. Instalacións eléctricas e automáticas.
- C.S. Automatización e robótica industrial.
- CM Instalacións frigoríficas e de climatización.
- CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.
- C.S Procesos e calidade na industria alimentaria (Impártese en horario de mañá o 1º curso e pola tarde 2º)

FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL:

- CM Obras de interior, decoración e rehabilitación (2º curso)
- CM Elaboración de produtos alimentarios (1º curso)
- C.S. Automoción (2º e 3º curso).
- CS Procesos e calidade na industria alimentaria (2º curso)
- CM Instalacións de produción de calor.
- CM Construción.
- FPB Cociña e restauración (1º curso)

RÉXIME DE ADULTOS PRESENCIAL: oferta modular:

- **Grao medio ZMELE01:** *Instalacións eléctricas e automáticas .*
- **Grao medio ZMIMA01:** *Instalacións frigoríficas e de climatización .*

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN:

- CM Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos.



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:

CBTMV01 Ciclo formativo de mantemento de vehículos.

CBINA01 Ciclo formativo de industrias alimentarias.

CBTMV02 Ciclo formativo de mantemento de embarcacións deportivas e de recreo (só o 2º curso).

O número de alumnos/as matriculados no centro a día 25 de outubro de 2023 é o seguinte:

FPB: 62 alumnos/as.

OFERTA MODULAR: 19

DUAL: 71

CICLOS FORMATIVOS ORDINARIOS: 269

CURSO ESPECIALIZACIÓN: 8

NÚMERO TOTAL DE ALUMNADO NO CENTRO: 429.

* Incluído o alumnado que fará a FCT de outubro a decembro.

O claustro de profesores está formado por un total de **58 profesores/as**, dos que máis da metade teñen destino definitivo no mesmo; ademais de persoal non docente (conserxes, administrativa, de servizos).

- Aspectos organizativos e curriculares:

No centro aprobouse o NOF (Normas de Organización de Funcionamento) o 11 de setembro de 2015 e dito documento difundíuse entre o alumnado do centro, tanto nas sesións de acollida que se levaron a cabo no centro, coma tamén na páxina web, para toda a comunidade educativa. Ademais os titores/as de cada grupo lembráronas e analizáronse nos seus grupos. Obsérvase que hai uniformidade a hora de aplicar as normas por parte do profesorado e dirección.

Tamén está constituída a Comisión de Convivencia e reunírase con carácter xeral tres veces durante o curso, e con carácter extraordinario as veces que sexa preciso.

Incidir que no centro, o profesorado que forma parte da comisión de convivencia, ten adicación horaria para os temas de convivencia, relativos a instrución de procedementos de corrección, tanto o común coma o conciliado.

A nivel curricular detéctase unha importante falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas e tamén problemas na comunicación e resolución de conflitos, especialmente, no alumnado da FP Básica. A transversalidade no tratamento da comunicación e da adquisición destas habilidades amósase aínda insuficiente. Pero estase traballando no tema, e cada vez hai máis colaboración/interrelación interdepartamental e organízanse moitas actividades en conxunto.

Tamén se detectan necesidades formativas no ámbito da convivencia, resolución pacífica de conflitos no profesorado. Especialmente naquel que exerce funcións de titor/a.

- Participación e relacións da comunidade educativa

Alumnado

A participación do alumnado na vida do centro é alta, cando se desenvolven actividades complementarias a formación e incluso si estas se desenvolven fóra do horario escolar. Tanto o alumnado de CF coma de FPB, mostra unha boa resposta as actividades organizadas. O



que si hai que salientar é que o alumnado de CF en réxime de adultos modular e o de ordinario nocturno, non participa apenas nas actividades que se desenvolven fóra do seu horario lectivo. Isto débese sobre todo a motivos laborais.

O alumnado participa activamente no desenvolvemento de actividades complementarias, nas de emprendemento (que se levan a cabo 3 sempre fixas ao longo do curso), e tamén se inscriben a concursos de presentación de proxectos innovadores e a programas europeos, xa que o centro posúe a Carta Leonardo da Vinci.

Ademais tamén se desenvolven actividades que implican o traballo conxunto de varios departamentos e familias profesionais.

En cada grupo existe un delegado/a nomeado pola clase, e incluso hai un representante dos Delegados/as, o que non está creada é a Xunta de Delegados (non regulada para os CIFP)

É importante deixar claros os canles de comunicación do alumnado co Centro nesta materia e dar publicidade ao buzón de SQR (suxerencias, quixas e reclamación) e a través dos titores/as e tamén da opción que teñen na páxina web do centro.

Profesorado

Boa participación do profesorado na elaboración consensuada de documentos do Centro.

Obsérvase gran interese no profesorado pola formación interna e externa, pero non en temas relativos a convivencia. A oferta de formación interna no centro é cada vez maior e máis especializada.

Pais e Nais dos menores de idade

A súa participación é clave, principalmente na FPB na continuidade das medidas propostas polo Centro relacionadas coa mellora da conducta dos seus fillos/as, aínda que en ocasións puntuais desautorizan ao profesorado diante dos seus fillos.

Facilítase a comunicación coas familias por diversos canles: telefónico, correo, abalar... e tamén se levan a cabo reunións de presentación/acollida para pais/nais da FPB, pero a súa asistencia aínda é baixa. O que mellor resultado está obtendo é a realización de entrevistas individuais cas familias e o titor/a, e en ocasións coa presenza da Orientadora.

PAS:

Non se observan problemas neste colectivo da comunidade educativa. Si un excesivo traballo no período de admisión e matrícula, pero que realizan con profesionalidade e en prazo.

- Conflictividade

O análise da convivencia faise principalmente a través da observación directa, da información aportada polos órganos de coordinación docente, especialmente os titores/as, do análise dos partes de conduta e da revisión dos expedientes do curso anterior.

Reflexións en relación a conflictividade detectada:

O profesorado do centro considera que os problemas de disciplina no centro son pouco frecuentes, e cando se producen, son unha porcentaxe moi baixa, posúe un carácter grave. Queda ben delimitado o perfil de alumnos/as que amosan conflictividade, concretamente nas ensinanzas de FPB, xa que no resto das ensinanzas impartidas no centro, os problemas de conducta son mínimos ou inexistentes e os poucos casos que se producen son entre o alumnado de primeiros cursos de ciclos medios, nos ciclos superiores e nos de oferta nocturna non se detecta ningún caso.

O curso pasado redactáronse moitos partes, sobre todo nos primeiros cursos de FPB, algúns de carácter leve, pero o alumnado que os cometía era sempre o mesmo e tiñan lugar as condutas disruptivas sobre todo nos ámbitos comúns. Coa intervención dos seus titores/as, de orientación e de Xefatura, eses partes non derivaron en algo grave e na súa maioría non volveron a reproducirse.

O nº de partes de incidencia, expulsións leves e expedientes, recóllense na táboa seguinte

Avaliación	Partes incidencia	Expulsións leves	Expedientes
1ª	116	36	2
2ª	61	37	8
3ª	13	2	2

Do análise dos partes de incidencias entregados polo profesorado, considérase que as seguintes situacións son as máis frecuentes no centro:

1. Falar cos compañeiros/as durante as explicacións do profesor/a.
2. Distraccións na clase mentres se explica ou traballa (debuxando, ou xogando)
3. Uso inadecuado do móbil na aula.
4. Non cumprir as tarefas encomendadas.
5. Retrasos antes de comezar a tarefa.
6. Non traer material a clase.
7. Agresións verbais (insultos) ou físicas (de carácter leve) entre o alumnado.
8. Agresións verbais ao profesorado e desafíos a súa autoridade.
9. Agresións ao mobiliario do centro (portas, mesas, pechaduras, taquillas..)
10. Facer caso omiso das indicacións do profesorado.
11. Saír do recinto escolar durante o horario lectivo (menores de idade).
12. Roubo de material no centro.
13. Produción de danos materiais a propiedades do profesorado.
14. Faltas de respecto ao profesorado.
15. Faltas recorrentes de puntualidade, sobre todo a primeira hora da mañá.
16. Absentismo escolar.

17. Consumo de drogas brandas fóra do recinto escolar, pero dentro do horario lectivo (durante os recreos). Isto acontece na FPB pero tamén entre o alumnado de ciclos medios.

18. A non colocación axeitada dos EPIS ou o non emprego das medidas hixiénicas.

Do análise dos partes tamén se extrae que:

- Os conflitos que se producen con maior frecuencia son, nesta orde: os que xorden entre o alumnado e logo entre o alumnado e profesorado, sobre todo por interrupcións, negacións a obedecer as instrucións do profesorado durante as clases. Non se observou ningún conflito entre profesorado e equipo directivo, nin entre o profesorado do centro.

- Respecto ao lugar onde ocorren a maior parte dos conflitos entre o alumnado: na súa maioría teñen lugar fóra do recinto, tamén nos corredores do centro e nas propias aulas. Pero seguimos insistindo que os problemas detectados neste centro, son na súa maioría por desafío ou mala actitude durante as clases ou cara o profesorado, os que implican a varios alumnos/as e agresións entre iguais teñen unha moi baixa frecuencia.

En canto a resolución dos conflitos:

As medidas adoptadas polo profesorado frecuentemente ou sempre/case sempre son:

1. Falar co alumnado aparte ou fóra da aula.
2. Pedindo colaboración na clase.
3. Chamándolle a atención, pero sen sancionalo.
4. Cambiando alumno de sitio na aula.
5. Deixando que o resolan os propios alumnos/as.
6. Cubrindo un parte de incidencia e enviándoo a xefatura de estudos.
7. Pedirille que acuda a orientación.
8. Pedíndolle que saía da aula para o corredor uns minutos, ata que se relaxe e pense na conduta negativa que estaba a facer.

Efectividade das actuacións desenvolvidas

Detéctase, especialmente no alumnado da FPB, que o comportamento, o clima da clase, as habilidades sociais e os valores, en xeral, son unha área pendente, que é necesario abordar para conseguir unha educación integral, pero que polas características e número deste alumnado require máis tempo e dedicación por parte do profesorado do que se dispón. E crucial a elección do titor/a máis axeitado, cun perfil concreto e con habilidades para tratar a estes alumnos/as. Tamén é moi importante a continuidade do profesorado no grupo durante 2 cursos, fórmense vínculos e foméntase un maior coñecemento de cada alumno/a e das súas familias. Estes dous aspectos estanse levando a cabo, sobre todo a continuidade de titores/as os dous cursos e si que reduce moito a conflitividade na aula.

6. Obxectivos Específicos e Actuacións programadas para o seu desenvolvemento

6.1 Obxectivos Específicos

Os obxectivos xerais de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/15, que podemos resumir en:

- Proporcionar aos órganos de goberno/profesorado: **instrumentos/recursos** para prever a violencia, facilitar a **prevención/detección/tratamento dos conflitos** (impulsando no seu tratamento a mediación) e de calquera manifestación de **violencia** (especialmente, acoso escolar, violencia xénero, xenofobia e racismo)
- Favorecer a **adquisición de Competencias básicas sociais** que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
- **Concienciar/Sensibilizar** a comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia pacífica.
- **Fomentar a participación** de toda a comunidade educativa na convivencia e establecer/incrementar as relacións coas entidades do entorno para a mellora de convivencia.

Do análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Creemos que, en principio, debemos centrarnos en catro liñas básicas: **sensibilizar, formar, proporcionar instrumentos e materiais, e garantir a participación.**

Así os nosos **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** son:

1º **Sensibilizar** a toda a comunidade educativa na importancia dun adecuado clima de convivencia e da responsabilidade de cada un na creación dun clima de convivencia pacífico

2º Traballar na consecución das condicións necesarias para garantir a construción dun clima de convivencia adecuado e asegurar a **participación** neste da toda a comunidade educativa, creando os canles de comunicación e coordinación adecuados.

Dentro deste obxectivo haberá outro específico que será **fomentar a mediación.**

No centro non existe un equipo de mediación creado, nin hai profesorado formado no tema, pero si que se conta na zona co IMER (Instituto de Mediación Educativa de Ribeira), un organismo creado hai 8 anos e no que participan os 7 centros de ensino público e concertado de Ribeira. A orientadora do centro pertence a este instituto de Mediación e está formada a nivel teórico e metodolóxico na práctica mediadora. Hai 14 mediadores que traballan nos seus centros de ensino e que levan a cabo a mediación nos centros onde se solicite este proceso. A mediación pode levarse a cabo entre os distintos membros da comunidade educativa: PAS, profesorado, alumnado, familias.. e atenden a múltiples conflitos nos centros.

Débese dar maior difusión a este Servizo de Mediación xa que é único en Galicia, non existe unha mediación profesional e continua por parte de profesores/as.

Cando existe un conflito no centro, 2 mediadores/as dos outros centros do concello, acoden para tentar resolvelo, sempre que a súa gravidade non requira a aplicación das normas e protocolos recollidos no NOF.

3º Proporcionar ou facilitar o acceso a **formación** dos membros da comunidade educativa, na adquisición das habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito ou controlalo cando se produza.

No curso 16-17 tivo lugar unha formación en Resolución de conflitos na aula dende a xestión de grupos diversos.

O curso 17-18 realizouse un seminario de mellora da convivencia onde se tratou o tema da prevención e detección acoso escolar.

O curso 18-19 realizouse o seminario Xogando en Coroso para convivir. Tráballose a gamificación como estratexia metodolóxica. Como produto final obtívose un trivial cos contidos curriculares dos ciclos básicos de Mantemento de vehículos, Embarcacións deportivas e de recreo e Industrias alimentarias. Neste xogo tamén se introduciu a perspectiva de xénero dacordo co establecido no plan de igualdade do centro.

O curso 19-20 realizouse un seminario de igualdade de oportunidades.

O curso 21-22 , 7 profesores realizaron o curso de formación inicial en igualdade para funcionarios en prácticas

O curso 22-23 realizouse un obradoiro dinámico para profesorado e alumnado “Dereito, a saber: obradoiro sobre Diversidade”, impartíuse un **obradoiro sobre Igualdade e liberdade afectivo-sexual** para os grupos de FP, xa que é unha realidade/necesidade que estamos detectando nas aulas

4º **Dotar de instrumentos** para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar **materiais** para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas e elaborar **protocolos** para facilitar a labor do profesorado neste tema.

Os obxectivos do Plan que se desenvolverán neste curso académico, descríbense no seguinte cadro xunto co seu indicador, cando se vai a realizar e co seu indicador de logro correspondente.

Obxectivo do Plan	Indicador	Concreción anual	Indicador do logro
Coordinar e dinamizar o plan de convivencia xunto coa comisión de convivencia	4 reunións anuais coa comisión de convivencia 1 Reunión con entidades externas	Trimestralmente reunión coa comisión de convivencia Reunión con RAOGAL (Ana Ruth)	75% Participación da comisión de convivencia no plan de convivencia Concretar 1 formación ou actividades
Fomentar métodos alternativos de resolución de conflitos velando pola incorporación ao PAT (Plan de acción tutorial) de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a	Aula de convivencia para o alumnado con problemas de comportamento en clase.	Cando o alumno crea conflito en clase, será enviado con tarefas á aula de convivencia onde estará cun profesor de garda.	Diminución do 50% de alumnos enviados á aula de convivencia entre o 1º trimestre e o último



resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.	Celebración do día de acoso escolar, mediante actividades	2 maio Día do acoso escolar. Celebración mediante actiividade	Diminución do 50% de frecuencia do alumnado reincidentes entre o 1º trimestre e o último. 1 actividade
Identificarse como referente para a comunicación dos casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.	Informarse dos casos de violencia a través dos titores, orientadora e xefa de estudos, buzón de SQR e traballar en conxunto buscando solucións. Tamén en coordinación do equipo comisión de convivencia	No momento que se presencie a violencia. En cada reunión da comisión tratarase este tema.	Nº de casos de violencia/ano 100% de casos de violencia controlados. Nº de protocolos abertos violencia de xénero, acoso escolar, prevención detección e intervención de riscos suicidas, absentismo/ano
Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección en caso de violencia dentro e fora do centro.	Envío protocolo prevención e protección de violencia a cada profesor por e-mail Crear convivencia e benestar na páxina web e subir protocolos; prevención e protección de violencia a cada profesor por e-mail	1º trimestre	100% do profesores informados
Promover a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.	Sempre que supoña un risco de seguridade dun menor, comunicarse ás 1º UFAM (unidade de atención á familia, muller pertencente ó corpo de seguridade	No momento en que ocorra	100% de comunicacións de calquera situación que supoña un risco de seguridade dun menor, nun tempo máximo de 48 horas desde o momento que aconteza.
Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da adolescencia, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.	1 formación ao ano en materia de prevención, detección precoz e protección do alumnado	1º trimestre para profesorado dando preferencia ao profesorado de básica	50% profesorado de básica
Promover unha alimentación saudable e nutritiva para ter unha alimentación equilibrada.	Obradoiro de prevención de drogodependencias Obradoiro sobre almorzos saudables	Novembro Fomento de hábitos saudables e prevención do consumo de drogas Xaneiro 1º FPB realiza obradoiro sobre almorzos saudables.	75% 2º FPB 75% participación do alumnado de básica
Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.	Envío protocolo protección de datos a cada profesor por e-mail	1º trimestre	100% profesorado informado
Promover medidas e actuacións que se realizarán nas titorías (bo trato, negociacións, diálogo...)	Acollida inicio de curso Estratexias, material para utilizar en titoría de FPB na procura dunha mellor	O primeiro día de clase o titor realizará a acollida do alumnado o primeiro día de clase	100% alumnado Entrega ao 90% titores de FB



	convivencia, xunto coa orientadora Valoración polo titor do funcionamento do material utilizado	Mínima unha vez por trimestre	Recepción do 50% das enquisas sobre a valoración
Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación			
Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.	Formación con respecto a Asperxer, tanto para profesorado e para sensibilizar o alumnado Xornada de convivencia coa asociación AMBAR e/ou AMICOS	1º trimestre Alumnado de 1º C básica mantemento de vehículos, 1º CM de instalacións eléctricas e automatismos e 1º CM carrocería. Profesorado que queira asistir, con preferencia o profesorado que imparte clases nos cursos mencionado. Marzo Fomento de valores de tolerancia e respecto polas persoas con diversidade funcional no alumnado de básica	Asiste 90% do alumnado Asiste o 75% do profesorado que da clase nestes cursos 50% de enquisas de satisfacción cubertas polo profesorado Asiste o 75% do alumnado de básica
Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais	Coordinación con RAOGAL e servizos sociais nos casos que necesitan intervención.	No momento en que ocorra	Coordinar o 100% dos casos que necesiten intervención
Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.	Reunión inicial de acollida de menores de idade coas familias xunto con orientación e dirección	Cando son convocadas polos titores Mínimo 1 ao inicio de curso e segundo necesidades	50% de asistencia das familias ás titorías
Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.			

6.2 Actuacións, Medidas ou Programas

- ACTUACIÓNS:

1. ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN:

Están relacionadas cos obxectivos específicos 2 e 3, de participación/coordinación das actuacións de organización, e de formación, e as curriculares.

ORGANIZATIVAS

- Difundir o Servizo de Mediación IMER.

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna)

- Disponibilidade horaria para as actuacións de convivencia:

A análise da convivencia, a adopción de medidas e a comprobación das mesmas é unha actividade que hai que realizar cada ano e require moito tempo. Na hora de facer as plantillas hai que ter en conta estas necesidades e asignar horas ao profesorado que teña funcións asignadas en este sentido.

- Fixación de horarios de ocupación das aulas, especialmente nas de uso compartido, talleres, laboratorio, ciber.. Xa existen cadros de reserva dos espazos, pero debe ser máis coidadoso e tamén informar ao profesorado de nova incorporación.

-Elaboración dun calendario máis preciso para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista, para tratar de previr a saturación en meses concretos.

- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración do protocolos para facilitar e guialos na súa forma de actuación.

- Coordinación na FP Básica

A coordinación do equipo docente de FPB é crucial. De feito, antes de comezar o curso académico xa tivo lugar unha reunión informativa e de coordinación do equipo para actuar de xeito consensuado ante as problemáticas máis frecuentes na aula: emprego do móbil, como actuar ante pequenos conflitos, medidas correctoras..

E mensualmente o equipo docente mantén reunións para analizar o rendemento académico do grupo, nee e comportamento e optar por novas medidas.

CURRICULARES

Implicación dos titores no tratamento da convivencia nas titorías.

Este tema ten gran importancia na FPB na que as titorías son presenciais e dispoñen de 1 hora a semana. Debe facerse fincapé no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores. Facilitaráselle aos titores/as material dende o Dpto. de Orientación e tamén asesoramento para que o traballen semanalmente.

Fomentar a implicación dos titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación a convivencia e tolerancia entre iguais (ex: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero..) Obsérvase que nos ciclos formativos o profesorado participa en menor medida, posto que non dispoñen de hora de titoría grupal semanal.

2. ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A PARTICIPACIÓN:

Relacionadas co obxectivo 2, garantir a participación de toda a comunidade na creación do clima de convivencia adecuado.

Alumnado:

Participación na concreción das normas de convivencia e análise das mesmas na aula. Non existe Xunta de Delegados/as, pero si teñen un representante a quen dirixirle suxestións e cambios que el pode transmitir a Dirección.

Tamén poden participar por outros canles, coma é a través da páxina web.

Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes Ciclos: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero, actividades de emprendemento, Xornadas de fomento de hábitos alimenticios saudables, Día das Letras Galegas, día do orgullo LGBTI .

O que máis se trata dende o centro e fomentar a participación e relación do alumnado de FPB, entre eles e tamén co alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior, para elo, organízanse actividades conxuntas e que implican o traballo de varios cursos a vez, mediante “Xornadas da ciencia en Coroso”, realizadas o día da muller e a nena na ciencia neste curso pasado, o cal tivo moito éxito.

Ata o momento a participación e valoración do alumnado nas actividades nas que participou foi moi boa, incluso se observa que propoñen ideas e eles mesmos se organizan para levalas a cabo.

3. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN CONVIVENCIA:

O Centro proporá actividades formativas no seu Plan de formación interna.

Elaboración de materias formativos para o alumnado.

4. ACTUACIÓNS DE DIVULGACIÓN:

Para alcanzar o obxectivo 1 de sensibilización da comunidade escolar.

- Elaboración de presentacións para expoñer nas pantallas do Centro sobre conflitos, acoso, etc.
- Campañas de divulgación e coñecemento do Plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar.
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro como Ámbar para traballar a colaboración entre iguais, a non discriminación..
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, etc. En colaboración con organismos coma o CIM, coa Policía Nacional..

5. ELABORACIÓN DE MATERIAIS DE TRABALLO E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN:

Para a consecución do obxectivo 3 de formación e relacionados, tamén co obxectivo 4, de facilitar instrumentos, materiais e protocolos de traballo.

- Diseñar un novo protocolo de acollemento do novo alumnado, con actividades de acollida, dinámicas de grupo, para facilitar a integración de todo o alumnado. Estas actividades colgaranse na páxina web do Centro, a disposición de calquera profesor que queira empregarlas. Xa existe un protocolo de acollida para o profesorado de nova incorporación e tamén para o alumnado.
- Diseñar un protocolo para elaborar as normas de clase, para facilitar ao profesorado a utilización deste instrumento que permite a participación e implicación do alumnado na elaboración das concretas normas de convivencia da aula, o que está demostrado que redunda nun maior cumprimento das mesmas.

- Diseñar/elaborar materiais para traballar nas titorías a xestión do conflito e adquisición de habilidades básicas.

- **MEDIDAS OU PROGRAMAS:**

Onde máis debemos incidir é na adopción de medidas de carácter preventivo. Das anteriores podemos destacar as seguintes:

- Publicitar os dereitos e deberes e normas de convivencia e garantir o seu coñecemento. Xa se fai fincapé na xornada de acollida e se lles lembra que poden revisalas a fondo na Guía do alumno/a.
- Definir normas consensuadas e claras de aula e definir claramente as consecuencias do incumprimento das normas.
- Revisar e actualizar periodicamente o Plan.
- Realizar a nivel de centro actividades de igualdade, contra violencia, acoso, etc
- Traballar na titoría actividades que traten valores curriculares como tolerancia, respecto mutuo, diálogo,
- Implicar ao alumnado e dar fluidez aos canles de información entre eles, titores, equipos
- Programa de formación do profesorado que oferte formación interna nesta materia.
- Elaboración de Protocolos e difusión entre a Comunidade educativa dos publicados pola Consellería:

- Elaboración dun **Protocolo de acollida e integración do novo alumnado** con actividades de dinámica de grupos.
- Realización **dun Protocolo para a elaboración das normas de convivencia de aula.**
- Elaboración de **protocolos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado menor de idade ás clases.**
- Difusión do Protocolo xeral para a prevención e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás Leis 39/15 e 40/15.
- Difusión do **Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidades crónicas.**
- Difusión do **procedemento corrector de conductas contrarias ás normas de convivencia.**
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (2016)
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil .V1.2
- Protocolo de Protección de Datos Persoais .Setembro 2022.

7. Protocolo ante o Acoso e Ciberacoso escolar

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

Co alumnado de primeiros cursos da FP Básica levamos tres cursos realizando un “Obradoiro de Prevención do Acoso Escolar”.

Tamén o centro leva 8 anos solicitando o **PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E OS SEUS CONTORNOS**. E un proxecto da Xunta en colaboración co Goberno de España e cos corpos de seguridade. Houbo cursos académicos que a Policía Nacional impartiu charlas sobre acoso escolar, sobre TICs, sobre prevención de drogas e alcol... Este ano temos de novo solicitada unha sobre os perigos na rede.

8. Normas de Convivencia

Aparecen recollidas no NOF aprobado o día 11 de setembro de 2015 e inclúense como **anexo** a este Plan de Convivencia.

9. Difusión do Plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa para o cal se realizarán as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina Web do Centro coa posibilidade de descargarse.

Alumnado

- Adicarase unha ou varias sesións de titoría a dar coñecemento do Plan de Convivencia, nos aspectos que máis lles afecten.

Profesorado

- Entregarase un exemplar do Plan de Convivencia a todo o claustro



10. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

10.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas **directrices anuais** ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia o por proposta de alo menos unha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Tres veces ao ano como mínimo terá que dar contas ao Consello Social.

Ao finalizar o curso elaborará unha **memoria anual** sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, dacordo cos datos e coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Este informe será trasladado ao consello social do centro que deberá aprobar a memoria, e, posteriormente, ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

10.2 Propostas de Mellora.

A memoria recollerá toda as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparezan. Ademais hai que ter en conta as propostas de mellora que poden presentar os distintos colectivos, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflictividade e conductas negativas detectadas na FPB, que inciden de xeito moi negativo no clima do centro, na carga de traballo de dirección, dos titores/as, de orientación e que e ten unha correlación directa co fracaso nos estudos e co posterior abandono dos mesmos. Todas as propostas, medidas e programas deben ir neste senso e coa participación de toda a comunidade educativa.